



# CDR ANCARES, PROGRAMAS

## 5. VOLUNTARIADO SOCIAL E MEDIOAMBIENTAL

### PROBLEMÁTICA

A moderna sociedade de servizos corre serio risco de ir desentendendo ás persoas das tarefas de coidados das persoas e do territorio; neste senso a montaña está a perder a rica tradición da preocupación e a e a axuda veciñal. Este fenómeno vese agravado polo envellecemento e despoboamento xeral do mundo rural que unido ás dificultades que provocan tanto a fenda dixital como o estado das vías de comunicación e a ausencia de transporte público están provocando fortes sentimentos de soidade e dificultando de xeito importante a realización de actividades comunitarias, *interxeneracionais* e asociativas e lúdicas. Se non se lle pon freo a esta deriva imos claramente cara unha perda de dimensións antropolóxicas de consecuencias para a vida cotiá moi visibles e moi tristes.

Son, así mesmo, moi graves os problemas que teñen que ver coas contaminación das augas por produtos *fitosanitarios* e o emprego non axeitado por parte das administracións en espazos públicos, polo que segue a ser necesario favorecer a concienciación neste ámbito. É preciso traballar coa poboación, en especial cos/as nenos/as no coñecemento do mundo natural, e paliar o descoñecemento das especies animais e vexetais e do mundo que nos rodea, o que implica unha perda progresiva, entre outras cousas, da riqueza lingüística.

Moi importante tamén traballar coa poboación no referente á xestión de residuos, especialmente tendo en conta as obrigas de selección, tratamento e separación de residuos orgánicos, derivada da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, o cal pode posibilitar que a nivel local se fagan proxectos para impulsar a compostaxe doméstica. O tratamento doméstico, sabendo que supón un 47% da bolsa do lixo, pode evitar a diminución na súa recollida e tratamento, a favor do medio ambiente.

### OBXECTIVOS XERAIS

Fomentar a participación das persoas dos territorios nos que actuamos en actividades solidarias e de participación social e ambiental

Impulsar o voluntariado como ferramenta de cambio e transformación social e medioambiental.



## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

Obxectivo	Indicador
Promocionar e fomentar a formación, sensibilización, información e participación de persoas voluntarias nos programas de voluntariado.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> actividades realizadas.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas participantes.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas formadas en acción voluntaria.</li></ul>
Promover espazos de encontro para poñer en valor a axuda veciñal, os coidados á comunidade e a sabedoría colectiva das nosas comunidades e alentar o potencial da cooperación e as relacións de mutuo beneficio.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> de encontros realizados.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas participantes como voluntarias.</li></ul>
Fomentar a solidariedade e as relacións <i>interxeracionais</i> , favorecendo o traballo en grupo e o potencial creativo dos maiores a través da súa participación como educadores/as nas actividades.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> de actividades realizadas.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas participantes.</li><li>• N<sup>o</sup> de voluntarios.</li></ul>
Fomentar a participación voluntaria en accións sociais, culturais, ambientais, de igualdade e de conservación do patrimonio do territorio.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> actividades realizadas.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas voluntarias participantes.</li></ul>
Implicar e concienciar a poboación da comunidade rural en xeral, e a mocidade e crianzas en particular, na custodia dos territorios e no fomento das relacións comunitarias.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> de actividades realizadas.</li><li>• N<sup>o</sup> de persoas participantes.</li></ul>
Cultivar ferramentas que nos axuden a rexenerar o territorio e as nosas comunidades.	<ul style="list-style-type: none"><li>• N<sup>o</sup> de proxectos impulsados.</li></ul>

## ACTIVIDADES

- Recuperación de espazos tempos comunitarios e realización de xornadas e encontros que fomenten o sentido de comunidade.
- Creación dun calendario/axenda de actividades asociativas nos nosos contornos para promover sinerxías e incrementar a participación.
- Posta en marcha de proxectos colaborativos e de participación social entre entidades das nosas comarcas.



c.d.r. **ancares**

## Centro para o Desenvolvemento Rural "ANCARES"

- Encontros para a recuperación, difusión e posta en valor dos saberes tradicionais.
- Reunións de coordinación e acompañamento coas persoas voluntarias.
- Encontros para a recuperación, difusión e posta en valor dos saberes tradicionais.
- Reunións de coordinación e acompañamento coas persoas voluntarias.
- Actividades formativas segundo as necesidades das persoas participantes.